


CADERNO DE DESENVOLVEMENTO LECTOR

O caderno de desenvolvemento lector pretende ser unha ferramenta de adestramento para que o alumnado mellore a súa competencia lectora.


Material fotocopiábel



Actividades de:



Para o alumnado



Novas tecnoloxías

Newsletters con actividades complementarias

Actividades que involucran o uso de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)

Para o profesorado

Apartado informativo

Apartado que proporciona ao alumnado os elementos precisos para entender mellor a lectura.

Velocidade lectora

Actividades para mellorar a fluidez na lectura e resolver as carencias de entoación e pronunciación.

Actividades de comprensión

Actividades que axudarán o alumnado a comprender o fondo e máis a forma da lectura realizada.

Actividades de recreación lectora

Actividades que permitirán ao alumnado recrear a lectura mediante:

- A expresión escrita
- A expresión oral
- A expresión artística (teatro, música e plástica).

Do libro a...

Información que relaciona o libro con outros libros, filmes, pezas musicais, páxinas web, etc.

Competencias básicas e interdisciplinaria

- Relación de competencias básicas postas en práctica ao longo dos distintos exercicios do CDL.
- Relación dos temas do libro con outras áreas.

Presentación

O CDL é un material orientado ao docente que acompaña a cada libro do Proxecto Lector *A Árbore da Lectura*. O seu obxectivo principal é o de contribuír ao desenvolvemento de lectores competentes, capaces de afrontar a lectura de calquera tipo de texto utilizando a estratexia máis adecuada en función da finalidade da lectura, das características do texto e do contexto no que se produce.

As actividades que se presentan pretenden que o alumnado «aprenda gozando», despertando o seu interese pola lectura de textos literarios e mellorando os seus hábitos lectores, asemade achegan ao docente unha ferramenta útil e atractiva para estimular a lectura na aula.

A realización das actividades do CDL será flexible. Aínda que o ideal é completalo de maneira íntegra, o profesorado tamén terá a posibilidade de escolmar aqueles exercicios que considere máis axeitados para satisfacer as necesidades específicas de cada alumno e de cada clase.

Sinopse

Adrián é un rapaz licenciado en Ciencias Económicas que trocou os números e a soedade, polo valor da palabra e a entrega aos demais.


Despois de deambular na procura dun traballo que cumprira coas súas intencións de comunicador, por fin, atinou e comezou a traballar nunha empresa de mensaxería.

A partir dese momento, Adrián convértese nunha persoa feliz que vai regalar a súa ledicia á xente sinxela que precisa dela, polo que tamén el será premiado cun agasallo inesperado.

Razóns para ler este libro

- Achegarse ao tema do emprego desde unha perspectiva diferente.
- Valorar a importancia do enxeño e a creatividade.
- Subliñar a importancia que na sociedade actual teñen actitudes como a xenerosidade e a solidariedade.
- Valorar a diversidade e complexidade humana a través dos distintos personaxes da obra.
- Resaltar o valor do amor nas relacións persoais.

1 Actividades de documentación



- 1.1** Busca información sobre a vida e obras do autor, Agustín Fernández Paz, nun buscador de Internet. Fai un resumo que non sobrepase as 10 liñas.

- Nas seguintes páxinas de Internet podes atopar a información que precisas:

- » www.felix.org/ranholas/agustine_es.html
- » www.galegos.info/es/agustin-fernandez-paz
- » http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=AguFern%E1

- 1.2** Ao protagonista da obra agasállano cun libro de segunda man do escritor galego Álvaro Cunqueiro. Busca información sobre o mesmo, cita tres obras súas e sinala tres enderezos de Internet que conteñan información deste autor.

- 1.3** O protagonista da obra propónse conseguir un traballo. Para isto é necesario elaborar un *currículum vitae* (en galego «currículo»). Sabes que é? Busca información en Internet e responde as seguintes cuestións:

- a) Que é o currículo?

- b) Para que serve?

- c) Que información debe incluír o documento?

- d) Elabora o teu propio currículo.

2 Actividades de comprensión



2.1 O protagonista, Adrián, é un mozo de vinte e seis anos que, rematados xa os seus estudos, anda na procura de emprego. Reparaches, algunha vez, cal sería o teu traballo ideal? Escríbeo na liña de embaixo. Cando teñas rematado, responde as preguntas que che formulamos.

a) Da listaxe de palabras que che ofrecemos, subliña aquelas que che parezan máis válidas para o tipo de traballo que andas a procurar.

supersalario	comprometido	itinerante
solidario	rutineiro	admirable
prestixioso	competitivo	relaxante
creativo	divertido	alcanzable

b) Adrián é licenciado en Ciencias Económicas, mais rexeita exercer a súa profesión porque desbota a monotonía do traballo nun banco. A el o que lle gusta é falar coa xente e, sobre todo, fácela feliz.

«Chegáballe con gañar o necesario para poder vivir sen sufocos cada día (...) un traballo que lle permitise falar coa xente e compartir con ela a felicidade de vivir».

• Que pretenderá transmitir Adrián con este pensamento?

• Que é o máis importante, para Adrián, nun traballo?

• Coinciden as ideas de Adrián coas subliñadas por ti?

c) Logo de ires coñecendo a Adrián, como imaxinas que é? Describe como che parece que é o rapaz.

d) Serías quen a estudar unha carreira universitaria ou elixir un oficio determinado só porque fose do agrado dos teus pais? Escribe a túa opinión.



2 Actividades de comprensión

2.2 Na novela faise referencia ao mundo dos libros así coma a outros formatos de cultura; por exemplo, a música e o cinema. Reflexiona sobre este tema e, deseguido, completa os apartados:

a) Localiza no libro algunhas das pasaxes onde se mencionan filmes ou discos, e di cales son.

b) Consideras o libro un bo agasallo? Por que?

c) Agasallaría a unha persoa cun libro sen antes coñecela? Por que?

d) Desta listaxe de palabras, subliña aquelas que representen –para ti– o que son os libros.

aburrido	difícil	fantasioso	ameno
educativo	interminable	inútil	fascinante
obligatorio	proveitoso	caro	desexable

e) Intenta lembrar os libros que teñas lido e cita os títulos daqueles que teñen a categoría de «preferidos». Explica por que o son.

2.3 Nomea cales son os personaxes secundarios desta novela e explica os trazos máis peculiares.

2 Actividades de comprensión



- 2.4 Procura, na sopa de letras, catro oficios ou profesións que practicou Adrián antes de ser mensaxeiro.

C	L	S	X	Z	X	A	S	D	X
E	S	C	R	I	T	O	R	M	O
D	Ñ	T	B	A	O	R	T	U	I
E	P	A	L	L	A	S	O	O	P
F	O	V	A	D	A	V	I	D	P
G	P	Y	D	M	A	R	I	S	U
H	D	O	T	A	X	I	S	T	A
P	R	O	F	E	S	O	R	V	Ñ

- 2.5 Contesta a resposta axeitada para a palabra destacada.

- «...Se imos traballar xuntos, será mellor **atuarnos**».
 - Empachármonos de atún.
 - Tratarse de tu ou ti.
 - Despedírmonos.
- «...Habitaba nunha **bufarda** na parte vella da cidade».
 - Póla dunha árbore.
 - Arrabalde.
 - Vivenda nun faiado.
- «...Ás tres, cando remataba a súa **quenda**, Rosa chamou a Adrián ao despacho».
 - Latriqueira.
 - Rolda.
 - Pucha de la.
- «...ao tempo que Adrián se **anicaba** algo para que puidesen bicalo».
 - Púñase rubio.
 - Púñase a xogar ás bólas.
 - Agacharse.
- «A caixa bateu cun son **lúgubre** sobre as táboas do piso».
 - Alegre.
 - Metálico.
 - Triste.
- «...Sabía que encontraría o que precisaba nunha **ferraxaría** próxima á súa casa».
 - Lugar onde venden produtos manufacturados.
 - Lugar que produce arrepío.
 - Lugar onde venden avea e trigo.

2 Actividades de comprensión



2.6 Explica o significado das frases seleccionadas:

a) «Iso é importante. Hai que coñecer a cidade coma a palma da man!».

b) «De súpeto, a muller ficou parada coa boca aberta».

c) «Adrián marchou de alí a escape».

d) «A miña sobriña dáse unha maña que xa me gustaría ter a min».

2.7 Procura a resposta adecuada:

1. Adrián cando facía de pallaso anunciouse co nome do:

a) Pallaso Xabier. **b)** Pallaso Fuco. **c)** Pallaso Cuco.

2. Traballou nunha floraría e deixouno porque:

a) Pagaban pouco. **b)** Era alérxico ás flores. **c)** Botárono.

3. O número que tiña Adrián para a súa entrevista de traballo era o:

a) 24. **b)** 25. **c)** 26.

4. Adrián era licenciado en:

a) Filoloxía Galega. **b)** Medicina. **c)** Ciencias Económicas.

5. O primeiro traballo de Adrián foi:

a) Recoller un boletín de notas. **b)** Recoller uns paxaros. **c)** Recoller unha carta.

6. Da cesta de don Romualdo, Adrián trocou:

a) Mazapáns por turrón. **b)** Bombóns por arroz. **c)** Viño por auga mineral.

7. Patricia Montes, a rapaza desenganada de «amor», enchía unha caixa de cartón para o seu mozo Gonzalo Pena cos seguintes obxectos:

a) Un foulard vermello. **b)** Un marco de ouro sen foto. **c)** Un aro de prata.

8. «A Arca de Noé» era unha tenda de:

a) Antigüidades. **b)** Roupas. **c)** Animais.

9. O primeiro agasallo que recibiu Adrián da súa namorada anónima foi:

a) Unhas gardenias. **b)** Un libro. **c)** Uns discos.

10. O punto de encontro de Adrián e mais Rosa foi na praza das:

a) Pombas. **b)** Galiñas. **c)** Bárbaras.

3 Velocidade lectora



- 3.1** Mellora a túa velocidade lectora lendo, por dúas veces, o texto que che ofrecemos; primeiro faino en voz baixa e, de contado, en voz alta. E non te esquezas de cronometrar o tempo.

«Como a moza deixara aberta a porta da sala, Adrián puido ver como collía do armario unha caixa grande de cartón, sacaba dela as botas que contiña e logo ía enchéndoa con diversos obxectos. Un marco de prata ao que antes lle sacou a foto que había nel, varios libros, algúns CD, un boneco de peluche, unha figura de cerámica que lle pareceu horrible e un foulard verde de seda. Finalmente, quitou o aro de prata que levaba nun dos pulsos, meteuno tamén na caixa e colocou a tapa con rabia, como se quixese afastar canto antes da súa vista todas aquelas cousas».

- A primeira vez tardei _____ segundos.
- A segunda vez tardei _____ segundos.

- 3.2** Imos comprobar a túa capacidade de retención. Nas columnas de embaixo aparecen 30 palabras. Deberás delas moi atentamente e unha vez teñas rematado, cúbreas cunha folla. Deseguido, e da relación que tes na caixa, subliña só as que aparecen en ámbalas dúas columnas.

raio	portelo
treboada	serpe
arca	réptil
enderezo	gaiola
praza	man
marabilla	póla
raza	espello
ollo	furado
peixe	engano
cuarto	noite
espazo	cea
cor	porteiro
paxareira	letargo
xílgaro	vinilo
panoa	agasallo


festa – paxareira – ano – mañá – furado – rúa – mensaxe – agasallo
 móbil – tráfico – atallo – voz – muller – portelo – letargo – sala
 obxecto – foulard – seda – fita – folio – enderezo – bágoas – boneco – pulseira
 bóla – cafetaría – volume – cadeira

4 Actividades de recreación



ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA

4.1 Escribe, coas túas palabras e o teu propio estilo, o que representa esta ilustración na historia do *Raio veloz*:



4.2 Unha das cousas das que gusta Adrián no seu traballo na floraría é a posibilidade de poder cambiar moitas das mensaxes «tristes» e «frías» das tarxetas por outras máis alegres e cálidas. Troca ti, do mesmo xeito que facía Adrián, o texto destas tarxetas:

Felices vacacións, Sabela.
Vémonos despois do verán.
Uxío

Noraboa, David.
Feliz aniversario.
Antía.

4 Actividades de recreación



- 4.3 Nun fragmento da novela descríbese a Pilar Merlón, profesora que lle dá uns boletíns de notas a Adrián para entregar no seu colexio. Agora has ser ti quen faga o mesmo, mais coa túa profesora. Lembra que, ademais dos trazos físicos, tamén tes que salientar os de personalidade, carácter...

ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ORAL

- 4.4 Debatide na clase que foi o que máis os chamou a atención desta novela e xustifícade, con argumentos razoados, por que a recomendaríais aos vosos amigos e amigas.

ACTIVIDADES DE CREACIÓN ARTÍSTICA

- 4.5 Vai á páxina 80 do libro e observa, de novo, a nota dedicada a Adrián; semella que está escrita por alguén que non se quere dar a coñecer. Abofé que ti tamén es un especialista en amoríos. Utilizando a mesma técnica que que elixiu a moza e compón ti outra mensaxe transcendente e motivadora coa mesma finalidade.



Solucións e outras actividades para o docente

1. ACTIVIDADES DE DOCUMENTACIÓN

1.1 Os datos máis relevantes sobre o autor son:

Biografía do autor

Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba (Lugo), no ano 1947. Perito Industrial Mecánico e Licenciado en Ciencias da Educación, traballou de profesor de Lingua e Literatura Galegas nun instituto de Vigo.

Ten acadado premios de gran prestixio no eido da novela e narración curta con obras como *Trece anos de Branca* (Premio Edebé, 1994), *Contos por palabras* (Premio Lazarillo, 1990), *Cartas de Inverno* (Premio Rañolas, 1995), *O meu nome é Skywalker* (Premio Barco de Vapor, 2003) ou *O único que queda é o amor* (Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil, 2007). Ademais, formou parte da listaxe de Honra de IBBY e da listaxe de Honra do CCEI en máis dunha ocasión. Tamén, foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil. Polo conxunto dos seus escritos sobre banda deseñada concedéuselle en 1992, o «Premio Ourense de Banda Deseñada».

Bibliografía do autor

• *Noite de voraces sombras* (2002).

Sara, unha moza de 16 anos, escribe dous meses despois, na soidade do seu cuarto na Coruña, sobre os días de agosto en Viveiro que lle cambiaron a vida, cando deixou de ser unha rapaza atolada, non só pola descuberta do propio corpo con Daniel aquela noite na praia.

• *O único que queda é o amor* (2007).

Os personaxes deste libro de relatos namóranse e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo, capaz de transformalos por enteiro e facerlles a vida doutro xeito. Mais tamén experimentan a amargura do desamor, ou da ausencia, ou dos amores rotos. A obra amósanos ao amor en todas as súas variantes.

1.2 O alumnado debe buscar información sobre un dos escritores galegos máis importantes: Álvaro Cunqueiro.

Álvaro Cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo en 1911. Estudou Bacharelato en Lugo e despois Filosofía e Letras en Compostela. Promoveu a aparición de varias publicacións (Papel de color, Galiza, Editorial Un...) inseridas no ambiente vangardista da época. Exerceu de mestre en Santa Marta de Ortigueira e de periodista en Vigo, Donostia e Madrid. Ingresou na Real Academia Galega en 1961, ano en que fixou a súa residencia na cidade olívica para traballar no xornal Faro de Vigo.



Solucións e outras actividades para o docente

Entre as súas novelas destacan *Merlín e familia e outras historias* (1955), *As crónicas do Sochantre* (1956) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961) e libros de relatos como *Xente de aquí e de acolá* (1971). O seu extraordinario testamento poético ficou recollido baixo o título de *Herba aquí ou acolá* (1980).

- 1.3** O exercicio propón ao alumnado informarse sobre que é un currículo seguindo unhas preguntas concretas.

Solución: actividade libre.

2. ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN

- 2.1** O alumnado terá de reflexionar sobre o seu futuro a través dunhas cuestións guía.

Solución: actividade libre.

- 2.2** Na novela faise referencia a libros e outros formatos culturais coma o cinema e mais a música. O alumnado deberá responder algunhas preguntas sobres estes.

Solución: Blue Gardenia (canción de Dina Washington, Páx. 63). Poesía completa de Álvaro Cunqueiro (Páx. 84). Lady Sings the Blues (CD música, Páx. 85). Días de Radio (filme de Woody Allen, Páx. 87). Poemas escollidos (de Paul Éluard, Páx. 93).

- 2.3** O alumnado terá que nomear os personaxes secundarios e argallar unha resposta coas características máis salientables. Non debemos esquecer que os animais tamén son personaxes a destacar. (Normalmente, o alumnado relaciona personaxe=persoa).

Solución: Rosa, A serpe da Arca de Noé, Don Romualdo, Dona Pilar Merlón, Patricia Montes...

- 2.4** Na sopa de letras aparecen catro oficios que forman parte do currículo de Adrián, o protagonista.

Solución: escritor, pallaso, profesor e taxista.

- 2.5** Pídese ao alumnado que descubra o significado dalgunhas palabras destacadas nuns fragmentos que se lle dan.

Solución: 1 - A; 2 - C; 3 - B; 4 - C; 5 - C; 6 - A

- 2.6** O alumnado debe explicar o significado dunhas frases feitas extraídas do libro.

Solución: a) Máis ca ben, perfectamente; b) Abraiada, alucinada, sorprendida; c) A fume de carozo, a toda présa; d) Ten habilidade; é arteira.



Solucións e outras actividades para o docente

- 2.7 O alumnado elixirá a resposta correcta a unha serie de preguntas sobre a novela.

Solución: 1 – C; 2 – B; 3 – C; 4 – C; 5 – A; 6 – C; 7 – C; 8 – C; 9 – A; 10 – A

3. VELOCIDADE LECTORA

- 3.1 O alumnado ten que leer un texto dúas veces o máis rápido que poidan. O texto ten 103 palabras.

Solución: o alumnado será quen a lelo correctamente, en voz alta, en non máis de 35 segundos.

- 3.2 O alumnado lerá, devagar, as dúas columnas de palabras (en total son 30). Logo, deberá tapalas e subliñar na caixa de embaixo, só as que aparecen nas dúas columnas.

Solución: Paxareira, Furado, Agasallo, Portelo, Letargo.

4. ACTIVIDADES DE RECREACIÓN

Actividades de expresión escrita

- 4.1 A actividade consiste en redactar a descrición dunha ilustración do libro.

Solución: actividade libre.

- 4.2 Igual que o protagonista da obra, o alumnado debe reescribir algunhas tarxetas dándolle un sentido alegre e afectuoso.

Solución: actividade libre.

- 4.3 Na actividade propónse que o alumnado faga unha descrición da súa profesora ou profesor, partindo da descrición feita por Adrián de Pilar Merlón.

Solución: actividade libre.

Actividades de expresión oral

- 4.4 O alumnado debe dicir por que recomendaría o libro a algún amigo ou amiga ou por que non o faría.

Solución: actividade libre.

Actividades de creación artística

- 4.5 O alumnado debe compoñer una mensaxe sen darse a coñecer.

Solución: actividade libre.



Do libro a...

1. OUTROS LIBROS

A cidade dos desexos

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín. Vigo: Xerais, 1989.

Todo empezou cando comezaron as obras no baixo que antes a panda de rapaces utilizaba como refuxio para as tardes de auga. Instalouse nel unha muller co seu «Centro de Promoción de Iniciativas Fantásticas» no que facía posibles os desexos da xente. Así foi como eles puideron conseguir os seus propios desexos e conseguir unha cidade máis humana.

Chamando ás portas do ceo

SIERRA I FABRA, Jordi. A Coruña: Rodeira, 2006.

Silvia, estudante de Medicina, marcha á India para traballar como cooperante durante o verán nun hospital situado nun perdido lugar do mundo. Ao facelo, enfróntase cos seus pais e co seu mozo, e toma así, seguindo o seu instinto e o seu corazón, unha decisión que cambiará a súa vida e a súa forma de pensar.

2. PELÍCULAS

Hacia rutas salvajes

Sean Penn (dir.). Paramount Vantage e River Road Entertainment, Estados Unidos, 2007 (140 min).

Unha película sobre un mozo americano que decide deixalo todo antes de entrar no mercado laboral e adentrarse na natureza para atoparse a si mesmo e buscar a conexión coa verdadeira felicidade. Está baseada en feitos reais.

Los lunes al sol

Fernando León de Araona (dir.). Elías Querejeta, P.C e Mediapro, España, 2002 (113 min).

«Santa» (Javier Bardem) é un dos moitos traballadores que perderon o seu posto de traballo por mor da reconversión industrial en Vigo. Na súa mesma situación se atopan algúns excompañeiros da fábrica. Percorren a cidade buscando saídas de emerxencia e reúnense nun bar no que pasan as horas sentindo nostalgia de tempos mellores e intentando atopar solucións para un futuro ameazante. No seu calendario todos os días son festivos. Esta é a historia dos que viven a vida en domingo, dos que pasan os luns ao sol.

3. ENDEREZOS DE INTERNET

» <http://www.injuve.migualdad.es/injuve/contenidos.type.action?type=1372312252&me nuld=1372312252> Información sobre programas para xoves cooperantes, campos de traballo e mocidade en acción.

» http://europa.eu/youth/volunteering_-_exchanges/work_camps/index_eu_es.html Información sobre voluntariados, intercambios en Europa, campos de traballo par xoves, etc.



Competencias básicas e interdisciplinabilidade

Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas

Competencia	Actividades para traballala
Competencia en comunicación lingüística	1.1, 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 4.1, 4.2, 4.3, 4.4 e 4.5
Tratamento da información e competencia dixital	1.1, 1.2 e 1.3
Competencia para aprender a aprender	1.1, 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 4.1, 4.2, 4.3, 4.4 e 4.5
Autonomía e iniciativa persoal	1.1 e 1.2
Competencia cultural e artística	1.1, 1.2, 1.3, 2.2, 2.4, 4.1, 4.2, 4.3, e 4.5

Interdisciplinabilidade

Área	Actividade coa que se pode relacionar
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	1.3, 2.2 e 2.4
Lingua castelá e Literatura	1.1, 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 4.1, 4.2, 4.3, 4.4 e 4.5
Educación plástica e visual	4.5
Educación artística	4.1, 4.2 e 4.5

Sobre os autores do CDL

Fuco Paz Souto é especialista en Lingua e Literatura Galera e imparte clases nun centro escolar na Coruña. Leva varios anos participando en proxectos de Animación á Lectura, creando e deseñando actividades para fomentar o hábito lector entre o público infantil e xuvenil.

José Javier Pintor Elizalde é profesor de Lingua e Literatura Española de Secundaria. Na actualidade traballa como asesor de formación de profesores no ámbito lingüístico e imparte docencia no curso de Especialización didáctica en Lingua e Literatura da Universidade da Coruña.

OXFORD

UNIVERSITY PRESS

Parque Empresarial San Fernando, Edificio Atenas
28830 San Fernando de Henares (Madrid)

Oxford University Press é un departamento da Universidade de Oxford. Como parte integrante desta institución, apoia e promove en todo o mundo os seus obxectivos de excelencia e rigor nos eidos da investigación, erudición e educación, mediante a súa actividade editorial en:

Oxford Nova York
Auckland Cidade do Cabo Dar es Salam Hong Kong
Karachi Kuala Lumpur Madrid Melbourne México D. F. Nairobi
Nova Delhi Xangai Taipei Toronto

Con oficinas en
Arxentina Austria Brasil Chile Corea do Sur Francia Grecia
Guatemala Hungría Italia Xapón Polonia Portugal República Checa
Singapur Suíza Tailandia Turquía Ucraína Vietnam

Oxford e Oxford English son marcas rexistradas de Oxford University Press.
Oxford EDUCACIÓN é unha marca rexistrada en España por Oxford University Press España, S.A.

Material para o profesorado para o traballo na aula dos libros da colección
«A árbore da lectura» elaborado segundo o proxecto editorial de Oxford Educación,
que foi debidamente supervisado e autorizado.

Publicado en España por Oxford University Press España, S. A.

© Desta edición: Oxford University Press España, S. A., 2010

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin o seu tratamento informático, nin a retransmisión de ningunha forma por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por fotocopia, por rexistro e outros métodos, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do copyright.

Oxford University Press España, S.A. concede permiso ao profesorado que empregue os materiais de **Oxford EDUCACIÓN** para reproducir as páxinas que aparezan na indicación **MATERIAL FOTOCOPIABLE** © Oxford University Press España, S. A.

Oxford University Press España, S. A. non fai de seu os contidos das páxinas web pertencentes ou xestionadas por terceiros, ás que se acceda a través de calquera enderezo web citado nesta publicación. Polo tanto, exclúese calquera responsabilidade polos danos e prexuízos de toda clase que se puider derivar do acceso ás devanditas páxinas ou contidos.

As cuestións e solicitudes referentes á reprodución de calquera elemento deste libro, fóra dos límites anteriormente expostos, deben dirixirse ao Departamento Editorial de Oxford University Press España, S.A

ISBN: 978-84-673-5630-4

TEXTO

Fuco Paz Souto
José Javier Pintor Elizalde
Juan Antonio Ruiz Gómez

COORDINACIÓN DO PROXECTO EDITORIAL

Mari Cruz Delgado Almansa

EDICIÓN

Brubim Ediciones

COORDINACIÓN GRÁFICA

Purificación Fernández López

DESEÑO

Ana María Sánchez
Santiago Mosquera

MAQUETACIÓN

Pila Iglesias

ILUSTRACIÓN

Miguel Ordóñez

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Belén Santiago Fondón
Ángel Somolinos Estévez